

## NOVIDADES

17/03/2016

### DIVERSAS PUBLICACIÓNS DE LISTAS DE ASPIRANTES A VINCULACIÓNS TEMPORAIS:

- **Publicación das listas provisionais de aspirantes excluídos e aspirantes admitidos con puntuación e número de orde de condutor/a.**

Na pantalla de procesos de FIDES, no apartado de *selección temporal* ou *promoción profesional*, pode consultar se vostede se atopa admitido/a e a súa puntuación provisional nas listas da categoría profesional de **Condutor/a**, así como, de ser o caso, na **sublista de Condutor/a de vehículos especiais de carácter sanitario**, segundo o disposto na resolución de 19 de outubro de 2015 (publicada no DOG de 29 de outubro de 2015).

Se resultou excluído/a (da lista xeral e/ou da sublista), así como no suposto de non estar de acordo coa puntuación obtida, poderá presentar unha reclamación ante as direccións das estruturas organizativas de xestión integrada e direccións con competencias en xestión do persoal no suposto de entidades adscritas á Consellería de Sanidade no prazo de 10 días naturais desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. Na nosa páxina web, seguindo a ruta **EMPREGO PÚBLICO>LISTAXES DE CONTRATACIÓN>Novo Pacto sobre selección temporal**, pode consultar as listas completas de admitidos/excluídos.

Se presentou a súa solicitude tras a data de 30/11/2015, non figurará nestas listas. Por conseguinte, a resolución da súa solicitude sairá na seguinte xeración que se formalice.

- **Publicación das listas definitivas de aspirantes admitidos/excluídos, e provisionais de admitidos con puntuación e número de orde de catro categorías de persoal estatutario de xestión e servizos (persoal de oficios).**

Na pantalla de procesos de FIDES, no apartado de *selección temporal* ou *promoción profesional*, pode consultar se vostede se atopa admitido/a e a súa puntuación provisional nas listas das categorías profesionais de **Calefactor/a**, **Electricista**, **Fontaneiro/a** e **Mecánico/a**, segundo o disposto na resolución de 16 de xuño de 2015 (publicada no DOG de 25 de xuño de 2015).

Se resultou excluído/a, non terá resultado, pero poderá interpoñer o/os recursos administrativos e/ou xudiciais previstos na resolución que anuncia a publicación oficial das devanditas listas.

Se resultou admitido/a e non está de acordo coa puntuación obtida, poderá presentar unha reclamación ante as direccións das estruturas organizativas de xestión integrada e direccións con competencias en xestión do persoal no suposto de entidades adscritas á Consellería de Sanidade no prazo de 10 días naturais desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. Na nosa páxina web, seguindo a ruta **EMPREGO PÚBLICO>LISTAXES DE CONTRATACIÓN>Novo Pacto sobre selección temporal**, pode consultar as listas completas de admitidos/excluídos.

Se presentou a súa solicitude tras a data de 27/07/2015, non figurará nestas listas. Por conseguinte, a resolución da súa solicitude sairá na seguinte xeración que se formalice.



- **Publicación da relación provisional de aspirantes excluídos, así como da orde de prelación e puntuación provisional dos aspirantes admitidos na actualización de listas acollida á resolución do 12 de setembro de 2013 (DOG do 23 de setembro), e relativa á categoría de Persoal de Servizos Xerais (PSX).**

Por Resolución do 12 de setembro de 2013 (DOG do 23 de setembro) se regulamentan as bases do procedemento de actualización das listas de aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e Entidades adscritas á Consellería de Sanidade, e así mesmo, se acorda o desenvolvemento de sucesivos procedementos de actualización de listas, respecto daquelas solicitudes de inscrición validadas á data de 15 de outubro de cada ano natural.

Porén, polo que respecta con carácter particular ao procedemento de actualización das listas na data de 15 de outubro de 2015, e en cumprimento do establecido na disposición novena da devandita resolución, se procede á publicación da relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con asignación aos primeiros da puntuación e orde de prelación provisional acadada, respecto das listas de **Persoal de Servizos Xerais (PSX)**.

As persoas aspirantes excluídas das listas, poderán impugnar a causa ou causas de exclusión aplicada/s. Igualmente, as persoas aspirantes admitidas poderán impugnar o resultado provisional de baremación da súa solicitude. En ámbolos dous casos, así como naqueles supostos de aspirantes que habendo presentado debidamente a súa solicitude e non figuren nin admitidos nin excluídos, os/as interesados/interesadas poderán presentar reclamación ante as direccións das estruturas organizativas de xestión integrada e as direccións con competencias na xestión de persoal das entidades adscritas á Consellería de Sanidade no prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte á publicación oficial da presente resolución.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas se entenderá implícita na resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde que se anunciará no *Diario Oficial de Galicia*, pola que se declaren, con carácter definitivo, os/as admitidos/as e excluídos/as e que fará públicas, así mesmo, as puntuacións e orde de prelación definitivas nas listas.

Cabe lembrar que as persoas aspirantes xa admitidas na lista vixente, así como as persoas aspirantes excluídas dela e que subsanasen en prazo a súa causa ou causas de exclusión, figurarán admitidas na nova lista - agás renuncia ou inscrición posterior en lista incompatible- sen necesidade de efectuar operativa ningunha de natureza telemática ou presencial. Non obstante, de haber efectuado cambios nos atributos da súa solicitude, se validarán aqueles que fosen confirmados electronicamente polo usuario no aplicativo FIDES á data de 15/10/2015. Os cambios confirmados electronicamente con posterioridade á devandita data se reflectirán, de ser o caso, no seguinte proceso de actualización de listas.

As persoas aspirantes que opten pola súa primeira inscrición na devandita lista ou que non figurasen admitidas na lista vixente, así como aquelas que figuren excluídas dela (e non subsanasen en prazo a súa causa ou causas de exclusión coa achega da documentación

acreditativa requirida en cada caso), deberon confirmar electronicamente a súa solicitude, imprimila, asinala e presentala ante un rexistro público, como moi tarde, na data de 15/10/2015. De presentar a súa solicitude con posterioridade á devandita data, non figurarán nin como admitidos nin como excluídos, pospoñéndose calquera resultado ao seguinte proceso de actualización de listas.



Na nosa páxina web, seguindo a ruta *EMPREGO PÚBLICO>LISTADOS DE CONTRATACIÓN>Novo Pacto sobre selección temporal*, pode consultar, por cada ámbito, as listas completas.

- **Máis Información sobre as Publicacións anteriores**

Calquera consulta poderá dirixila aos Centros de Xestión do *Servizo Galego de Saúde* ([http://www.sergas.es/Docs/Profesional/NOVO%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACIÓN%20\(03%2010%2012\).pdf](http://www.sergas.es/Docs/Profesional/NOVO%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACIÓN%20(03%2010%2012).pdf)) ou formular a súa pregunta ao "*buzón novopacto*": [novopacto@sergas.es](mailto:novopacto@sergas.es) .